

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
 URBANISMO

CONCELLO
 DE VIGO



JOSÉ VILLÁN FUERTES, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 14/04/2026 acordou:

1. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025. EXPTE. 18793/407.

Antecedentes:

O 09/04/2026 a concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda e vicepresidenta da XMU emite o seguinte informe:

“Unha vez formada a Conta Xeral deste Organismo Autónomo, correspondente ao exercicio 2025, a efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co previsto no artigo 11.1.h) dos vixentes Estatutos), a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: 2 votos: 1 do PP: Sra. Sánchez Méndez e 1 do BNG: Sr. Pérez Igrexas.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 7 votos do PSOE: Sres. Caride Estévez, López Font, Iglesias López, Fernández Pérez, Mejías Sacaluga, Aneiros Pereira e Iglesias González.

Acordo:

O Consello, por maioría, ditamina favorablemente e adopta o seguinte acordo:

Propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2025, integrada -conforme coas determinacións da Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local- polos seguintes documentos:

- a) BALANCE.
- b) CONTA RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL.
- c) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.
- d) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.
- e) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.
- f) MEMORIA.

Unha vez tomada en consideración, remitir a mesma para a súa tramitación xuntamente coa da entidade e posterior aprobación polo Pleno da Corporación.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.
tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez